

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

ANUNCIO de extracto da convocatoria, bases xerais e bases específicas do proceso selectivo para o ingreso como funcionario de carreira nunha praza de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas, incluída na oferta de emprego do ano 2023.

No *Boletín Oficial* da provincia (BOP) de Lugo núm. 101, do 6 de maio de 2021, publícanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo incluídas nas ofertas de emprego público, acceso libre (cota xeral e cota de reserva a persoas con discapacidade).

No BOP núm. 200, do 29 de agosto de 2024, publícase a convocatoria e as bases específicas que rexerán, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, o proceso selectivo de:

Unha (1) praza de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas, pertencente á escala de Administración especial, subescala técnica, técnicos medios, grupo A - subgrupo A2.

O prazo de presentación de solicitudes será vinte (20) días naturais contado desde o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e bases no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos desta entidade e na páxina web da Deputación Provincial.

Lugo, 3 de setembro de 2024

O presidente da Deputación Provincial de Lugo
P.D. (Decreto do 4.7.2023)
Pablo Rivera Capón
Deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
Social o día 24-09-2024
ata a día 24-10-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

20. 

